

WEB CONCELLO

¿Por que un Plan de Emerxencia ante situacións de Seca?

O concello de Nogueira de Ramuín, como propietario das instalacións de abastecemento e saneamento de auga, ten como obxectivo a elaboración dun instrumento básico de planificación para xestionar os posibles episodios de seca, polo que está a traballar no Plan de Emerxencia ante Situacións de Seca.

Dada a importancia da participación da cidadanía neste tipo de plans realízase con carácter previo a súa aprobación inicial unha consulta pública previa que permita recoller as opinións dos veciños e veciñas do concello e permita a elaboración do diagnóstico inicial do municipio, para o que se facilita o documento inicial elaborado e invitamos a formular as propostas, observacións e suxerencias sobre o mesmo que consideren oportunas.

¿Cal é o obxectivo da realización da consulta pública previa?

Coiñecer as debilidades e necesidades do concello relacionadas co abastecemento e saneamento da auga para que o plan se adapte á realidade do municipio.

¿Como participar?

O documento inicial e o acceso a consulta pública previa estará a disposición entre o 16 de abril e o 31 de maio nos seguintes formatos:

- En formato papel: nas oficinas do concello.
- En formato dixital: estarán dispoñibles os enlaces na páxina web do concello www.nogueiraderamuin.gal. O acceso directo ao formulario web aquí: <https://forms.office.com/r/k5j5w0pCUM>

Para participar no consulta pública previa requírese ser maior de idade. O anuncio desta consulta levarase a cabo nas redes sociais do concello e enviarase a diferentes asociacións, institucións e empresas implicadas.

¿Que se fará cas aportacións?

A información recadada durante a consulta previa analizarase e tomarase en consideración para a elaboración do borrador do Plan de Seca do concello de Nogueira de Ramuín.

Quérese informar tamén da realización de 3 obradoiros en relación a este Plan de Emerxencia ante Situacións de Seca no concello de Nogueira de Ramuín, en datas:

- 5 de maio: obradoiro diagnóstico e obradoiro para a definición de zoas vulnerábeis
- 25 de maio: obradoiro para o establecemento das medidas para cada escenario.

Dende o concello agrádese a colaboración de todos os veciños e veciñas que participen na recollida de datos que permita reflexar a realidade do municipio.